

Texto: **ANA FRANK**
Fotografías: **ANDRÉS PINAL**
Tradución: **TOMÁS RUIBAL**

Encadernado en cartón. 25x22 cm.

360 páxinas.

Dispoñible en:

-Galego: "Diario de Ana Frank". ISBN 978-84-8464-223-7

Prezo: 22 €

O DIARIO DE ANA FRANK

"Espero confiarche todo como non puiden facer con ninguén ata agora, que sexas para min un gran apoio"...



Así comezou o 12 de xuño de 1942 o seu diario unha rapaza de 13 anos chamada Ana Frank. Pertencía a unha familia xudeo-alemana afincada en Amsterdam. Durante a II Guerra Mundial víronse obrigados a agocharse nun refuxio para evitar seren levados aos campos de concentración nazis.

Desde o día do seu décimo terceiro aniversario, no que recibe de agasallo un diario, a cativa vai relatando as vivencias súas e da súa familia, e as persoas que compartiron con eles o encerro. Ana confíalle ao diario os seus medos, inquedanzas, o espertar á súa propia madurez, chegada de volta polo cambio repentino ao que a súa vida foi exposto, o cambio operado na xente que a rodeaba e os terribles acontecementos, o xenocidio e a barbarie que no exterior, fóra do "Cuarto de atrás", vivía o pobo xudeo.

Ana analiza e relata cunha ollada -primeiro inocente e co paso do tempo máis adulta e crítica- a vida en tres niveis: os procesos de cambio dentro de si mesma, o descubrimento do seu propio corpo, dos seus sentimentos; a relación coas persoas que compartiron con ela a obrigada reclusión (os seus pais, a súa irmá, o matrimonio Van Daan e o seu fillo Peter); e a realidade política e social do seu arredor.

O diario vese interrompido no ano 1944, cando a familia Frank e a Van Daar foron descubertos pola Gestapo e levados ao infelizmente famoso campo de concentración de Auschwitz. Ana faleceu en Berghoven un ano despois de ser detida.

O que en principio puido ser o diario dunha adolescente anónima, tense convertido en todo un símbolo, unha historia que pasou a formar parte da memoria colectiva, un testemuño de milleiros de voces caladas durante o Holocausto.

O diario de Ana Frank, desde a súa primeira edición en 1947, foi traducido a preto de 60 linguas e téñense impreso máis de 20 millóns de exemplares. Tamén contou con distintas versións cinematográficas e teatrais. Por primeira vez, as verbas de Ana Frank -no ano en que se celebra o 75 aniversario do seu nacemento- cobran vida en galego, nunha edición da máxima calidade. Como valor engadido, esta edición contén cinco páxinas inéditas do diario, que viron a luz por primeira vez hai dous anos.

KALANDRAKA presenta unha coidadísima edición, en tapa dura e ilustrada con 17 fotografías artísticas de Andrés Pinal. O fotógrafo fai unha dobre, e mesmo unha triple lectura reflexiva, unha ollada emocional, poética e literaria. Afastándose dos elementos histórico-documentais da obra, Andrés Pinal capta momentos, espazos, paisaxes, imaxes que deixan pegada no lector, que suxiren e evocan emocións presentes na autora e protagonista da historia e que acaban sendo, a un tempo, tamén do lector: a angustia, a tristeza, a esperanza, o desexo de ir cara adiante, de superar a adversidade, de enfrontarse ao descoñecido.

Todos estes elementos fan de O Diario de Ana Frank unha obra redonda, única e necesaria nestes tempos.

ANDRÉS PINAL (FOTÓGRAFO), Vigo. 1969

Licenciado na Facultade de Belas Artes de Pontevedra nas especialidades de Escultura e Pintura, onde realizou o doutorado "As categorías do escultórico". A súa obra gráfica ten sido exposta nas feiras de arte máis importantes da Península: ARCO e ARTE LISBOA nos anos 2002 e 2003. Ten realizado distintas exposicións individuais nas galerías Bachelos de Vigo e Por amor al arte de Porto;

asimismo participou en múltiples mostras artísticas colectivas, entre as que destacan Outra mirada e Xogo de Escala no Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC) de Santiago de Compostela, así como Novos Camiñantes no Pazo da Cultura no 1999. O seu traballo artístico ten sido publicado en revistas como Lápiz, EXIT, Tempos Novos e Galicia Internacional, entre outras.



comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com

FRAGMENTO:

Xoves 25 de maio de 1944

Todos os días pasa algo novo. Esta mañá detiveron a Van Hoeven. Na súa casa había dous xudeos agachados. É un duro golpe para nós. O mundo está patas arriba. Aos máis honrados lévanos aos campos de concentración, aos cárceres e ás celas solitarias, e a escoura goberna a grandes e pequenos, pobres e ricos. A uns pillanos por vender no mercado negro, a outros por axudar a xudeus ou outros agochados, e ninguén que non pertencza ao movemento nacionalsocialista sabe qué pode pasar mañá. Tamén para nós é unha enorme perda o de Van Hoeven. Bep non pode nin debe cargar co peso das patacas; o único que nos queda é comer menos. Xa che contarei cómo o arraxamos, pero seguro que non será agradable. Mamá di que non haberá máis almorzós que papa de avea e pan ao mediodía, e polas noites patacas fritidas, e quizá verdura e leituga unha vez á semana, non máis. Pasaremos fame, pero calquera cousa é mellor que ser descubertos.

Túa, Ana M. Frank.